

Dalí

revisitado

Do Pompidou ao Reina Sofía

JOAQUIM VENTURA

Se consideramos que o tempo o cura case todo, vinte e catro anos despois da morte de Salvador Dalí e de máis de trinta de que deixase de pintar, a revisión da obra do empordanés pode facerse sen os prexuízos da súa adhesión ao franquismo, o seu enriquecemento ou a súa mística próxima á doutrina católica máis rancia. Daquela, a súa calidade artística (plástica, literaria, cinematográfica) foi cuestionada por razóns persoais ou conxunturais, especialmente por quen foi compañeiro de movemento surrealista, André Breton. Unha sona tamén afectada polas falsificacións que se produciron na etapa final da súa vida, cando xa ía doente.

Agora mesmo, dous dos grandes museos de Europa, o Pompidou de París e mais o Reina Sofía de Madrid abordan unha espléndida exposición que permite que as novas xeracións coñezan a múltipla personalidade artística de Salvador Dalí. Nestes últimos anos houbo xa importantes mostras sobre el, como a que fixo o propio Pompidou en 1979 ou a que presentou Caixaforum en 2004 sobre a relación da súa obra coa cultura de masas, sen esquecer a continua ampliación do seu museo de Figueres (malia que o ministerio de Cultura dá prioridade á cesión das súas obras ao Reina Sofía) ou a crecente importancia do Dalí Museum de Saint Petersburg (Florida), promovido polo matrimonio Morse.

Pero Salvador Dalí non foi soamente un pintor de grande habelencia técnica e grande capacidade de provocación. De ben novo deixou evidencia dun importante coñecemento da historia da pintura, de filosofía e relixión e dunha considerable calidade literaria, que podemos comprobar na súa obra completa editada no centenario do seu nacemento.

E se o paso do tempo tamén engade perspectiva, o comisario da exposición do Pompidou, Jean-Hubert



Salvador Dalí (1904-1989).



“Muchacha en la ventana” (1925).



“Retrato de mi padre” (1925).

Martin, tenta coa orientación dada neutralizar os tópicos antidalinianos que manteñen boa parte da crítica e da intelectualidade progresista: a primeira, a súa adhesión ao franquismo e unha actitude morna fronte ao nazismo; a segunda, sería a regresión desde unha estética de vangarda a modelos clasicistas propios do Renacemento; a terceira, a súa admiración polos medios de comunicación e pola publicidade e o uso que fixo deles.

Daríase o paradoxo de que quen proclamaba a unicidade persoal e o narcisismo como exercicio fose un pioneiro á hora de empregar a multiplicidade (cine, publicidade) para dar a coñecer a arte, sen facer caso dos elitistas que o consideraban unha vulgaridade. E Salvador Dalí fixo iso (con Buñuel, Hitchcock ou Disney) e moito máis, coas súas performances no Parque Güell, coa bailaora La Chunga ou a que acompañou a inauguración do seu museo de Figueres (ao que un servidor tivo a sorte e o privilexio de asistir como espectador curioso).

*Deixou constancia
dun amplo saber
histórico,
filosófico...*

A mostra que se presentará deica ao 25 de marzo no Pompidou –e que terá continuidade no Reina Sofía (co patrocinio de Abertis) desde o 24 de abril ata o 2 de setembro– centra o interese na etapa que vai de 1926 a 1948, considerada a máis frutífera de Dalí, da cal hai 126 obras do total de 200 que se presentan.

Á marxe das que custodia o Reina Sofía (como *Autorretrato surrealista*, *Muchacha en la ventana*, *El gran masturbador*, cómpre salientar as obras que prestan outros museos (La persistencia de la memoria, *Metamorfosis de Narciso*, *Construcción blanda con habas hervidas*, *Premonición de la Guerra Civil*, *La tentación de San Antonio*, *Retrato de mi padre*.) Algunhas das obras citadas e outras como *Guillermo Tell* ou *El espectro do sex-appeal* pertencen á etapa que o propio Dalí calificou como “paranoico-crítica” e que desenrolou na década dos trinta. Unha denominación que era máis que unha etiqueta “pour épater le bourgeois”.

A revista *Nós* tivo “antenas” de auténtico privilexio. Pero os seus impulsores –con Vicente Risco á cabeza– non sempre se decataron da importancia das noticias que recibían. Desde Cataluña, foron dous os correspondentes que enviaron novas artísticas e literarias. Tomàs Garcés, poeta e crítico de estética post-simbolista, foi o primeiro, cando apareceu a revista galega, e deu noticia de diversos poetas de vangarda.

Non hai novas de Cataluña ata que en 1926 o correspondente catalán sería, con moita

probabilidade, Joan Estelrich (intelectual mallorquín que colaboraba con F.Cambó). Unha das revistas que enviou a Risco foi *L'amic de*

Na revista Nós

les arts, publicación de vangarda editada en Sitges. O número 47 (novembro de 1927) daba conta dos sumarios dos exemplares da revista catalá de xullo e agosto. Entroutros materiais,

aparecían “A estética de Salvador Dalí, presentada por il mesmo”, no primeiro, e “Les arts. Reflexions por Salvador Dalí”, no segundo.

Diante dos seus ollos tiñan as reflexións estéticas dun dos principais pintores do século XX, cando xa comezaba a ser coñecido. Nin un comentario, como se a condición de Estelrich non abundase para que o tivesen en consideración. Nada. Para os homes de *Nós* as prioridades eran outras e non pasaban, precisamente, pola modernidade